

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019463	Johan Carballeira	Bueu	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP02	Peiteado e cosmética capilar	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0844	Cosmética para peiteado	2023/2024	6	160	192

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA VANESSA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

**2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo**

Esta programación corresponde ao módulo de Peiteado e Cosmética Capilar, do ciclo formativo de Técnico en Peiteado e Cosmética Capilar de grao medio. Este ciclo formativo proporciona unha formación básica profesional e de madurez persoal, que facilita a incorporación ao mercado laboral ou a continuidade de estudos a través dos ciclos formativos de Grao Superior, previa superación da proba de acceso. A duración é dun curso académico, desenvolvéndose a totalidade do módulo no propio centro I.E.S. Johan Carballeira. Como se dan variedade de situacións do contexto socio - laboral, para cada alumno como para cada lugar de procedencia deles, planificouse esta programación adaptándoa á realidade da zona, tipo de alumnos, situación do centro escolar, entorno social, etc.

A figura de Técnico en Peiteado, exerce a súa actividade profesional dentro do subsector de "servicios persoais" e máis

concretamente na actividade de Perruquería, desenvolvendo os procesos de prestación de servicios, de asesoramento e atención permanente ó cliente en:

- \_ Salóns de beleza.
- \_ Departamentos de beleza de empresa dedicada ó tratamento da imaxe persoal integral.
- \_ Equipos técnicos dependentes de laboratorios e casas comerciais que desenvolven a súa actividade no ámbito da estética, como probadores, demostradores e vendedores.
- \_ Hospitais, centros xeriátricos e empresas de servicios fúnebres.
- \_ Clínicas de medicina estética.
- \_ Departamento de estética das TV.
- \_ Estudos de gravacións.
- \_ Estudos de fotografía e vídeo.
- \_ Escolas de modelos profesionais, pasarelas de moda, ...
- \_ Escolas de asesoría de imaxe.

Este módulo desenvólvese no ano académico do ciclo, no I.E.S. Johan Carballeira de Bueu. Centro situado na Rúa do instituto nº1. Nel impartense dous ciclos da familia Imaxe Persoal en réxime ordinario: Estética Persoal Decorativa, Técnico en Peiteado e Cosmética Capilar e PCPI de Peiteados.

Tamén conviven outras Familias profesionais : Administrativo, Soldadura, etc. e outras ensinanzas como son a E.S.O. a E.S.A. os Bacharelatos en todas as súas modalidades, ..... en horario nocturno e diurno.

O Centro posee todo tipo de instalacións:

Aulas Taller dos diferentes ciclos	Pabellón deportivo
Biblioteca	Aulas comúns
Departamentos	Aulas polivalentes
Salas do Profesorado	Aulas de Informática
Despachos do equipo directivo	Laboratorios de física, bioloxía
Secretaría	Salón de actos

Conserxeria  
Bar

Ximnasio

Os alumnos de ensinanza obligatoria acuden ao centro no transporte escolar. Non existe servizo de comedor aínda co bar permanece aberto para servir comidas nos días lectivos. O alumnado do módulo é maioritariamente feminino. A súa procedencia é rural xeralmente do municipio ou municipios limítrofes, desprázanse ó centro tanto en transporte público como particular. O nivel sociocultural e o nivel socioeconómico familiar é variado. Respecto ao nivel académico, son alumnos procedentes da ESO ou ESA, e tamén dalgún outro ciclo, xeralmente o de Perrucaría. Este módulo, relaciónase directamente con outros módulos do ciclo, como por exemplo: Anatomía e Fisioloxía Humanas Básica aplicada a estética persoal decorativa, Hixiene, desinfección e esterilización aplicadas a perruquería, Tratamentos capilares

### 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Caracterización de cosméticos para peiteado	Identificar os compostos químicos presentes nun cosmético, o pH e saber diferenciar as principais reaccións químicas que teñen lugar no cabelo coa aplicación de determinados cosméticos.	40	20
2	Preparación de produtos cosméticos para peiteado	Coñecer os útiles, equipamentos, materias primas e operacións para a preparación de cosméticos sinxelos.	25	20
3	Selección de cosméticos para procesos técnicos de peiteado (I)	Identificar os principios activos dos cosméticos empregados nos diferentes traballos técnicos de perrucaría.	85	15
4	Cosméticos para os procesos de tratamento de mans e pés e peiteado masculino.	Describir os cosméticos empregados nos procesos de manicura, pedicura, tratamento de mans e pes e afeitado masculino.	22	15
5	Manipulación e almacenamento de cosméticos.	Coñecer a normativa para a aplicación, manipulación e almacenamento de produtos cosméticos e as medidas hixiénicas na súa preparación.	10	15
6	Aplicación de pautas de venda de cosméticos de peiteado.	Analizar as liñas comerciais de cosméticos de peiteado	10	15

### 4. Por cada unidade didáctica

#### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Caracterización de cosméticos para peiteado	40

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza os cosméticos, para o que analiza a súa composición e a súa presentación.	SI

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os átomos, os ións e as moléculas que forman as substancias inorgánicas e orgánicas de uso cosmético.
CA1.1.1 Identifícanse os átomos que forman as substancias inorgánicas e orgánicas de uso cosmético.
CA1.1.2 Identifícanse os ións que forman as substancias inorgánicas e orgánicas de uso cosmético.
CA1.1.3 Identifícanse as moléculas que forman as substancias inorgánicas e orgánicas de uso cosmético.
CA1.2 Diferenciáronse as expresións de medidas das concentracións das mesturas de uso cosmético.
CA1.2.1 Identifícanse as expresións de medidas de concentracións das mesturas de uso cosmético.
CA1.3 Clasifícanse as substancias e as mesturas químicas segundo o seu pH.
CA1.3.1 Clasifícanse as substancias químicas segundo o seu pH.
CA1.3.2 Clasifícanse as mesturas químicas segundo o seu pH.
CA1.4 Descríbense as reaccións redox nas que interveñen os cosméticos.
CA1.4.1 Descríbense as reaccións redox
CA1.5 Xustificouse o uso de determinadas substancias químicas na fabricación cosmética.
CA1.5.1 Xustificouse o uso de determinadas substancias químicas
CA1.6 Identifícanse as características do produto cosmético segundo a regulamentación técnico-sanitaria.

Criterios de avaliación
CA1.6.1 Definíronse as propiedades dun cosmético.
CA1.7 Estableceuse a diferenza entre medicamento e nutricosmético.
CA1.7.1 Explicouse o concepto de nutricosmético
CA1.8 Definíronse os conceptos de principio activo, excipiente e aditivos da composición dun cosmético, e analizouse a función de cada un.
CA1.8.1 Definíronse os conceptos de principio activo, excipiente e aditivos
CA1.9 Relaciónáronse as características das substancias empregadas nos cosméticos coa función que desempeñan.
CA1.9.1 Relaciónáronse as características das substancias empregadas nos cosméticos coa función que desempeñan.
CA1.10 Caracterizáronse os elementos que constitúen a parte externa dun cosmético.
0 CA1.10.1 Caracterizáronse os elementos que constitúen a parte externa dun cosmético
CA1.11 Indicouse a normativa que ten que cumprir a etiquetaxe.
CA1.11.1 Indicouse a normativa que ten que cumprir a etiquetaxe
CA1.12 Identificáronse as substancias prohibidas e as restrinxidas.
CA1.12.1 Identificáronse as substancias prohibidas e as restrinxidas
CA1.13 Valorouse a importancia da parte externa do cosmético como medio de información á poboación consumidora.
CA1.13.1 Aplicáronse pautas de venda de cosméticos de peiteado.

#### 4.1.e) Contidos

Contidos
Substancias empregadas frecuentemente nos cosméticos. Substancias prohibidas en formulación cosmética.
0Concepto de cosmético. Diferenzas entre cosmético, medicamento e nutricosmético. Regulamentación técnico-sanitaria de produtos cosméticos.

Contidos
Partes dun cosmético: Parte interna. Compoñentes do cosmético: principio activo, vehículo ou excipiente, aditivos (conservantes, perfumes e colorantes), etc. Parte externa: envase, cartonaxe e prospecto.  Expresións de medidas de concentracións das mesturas de uso cosmético.  pH e a súa relación coa cosmética e o órgano cutáneo.  Substancias químicas de uso frecuente na formulación cosmética. Auga osixenada: dilucións e mesturas, precaucións, conservación e almacenamento. Amoníaco.  Parte externa do cosmético como medio de información e como elemento do márketing.  Nomenclatura ou código INCI.  Etiquetaxe: requisitos, símbolos (PAO) e normas que ten que cumprir. Substancias restrinxidas e a súa especificación na etiquetaxe.  Átomo, molécula, compostos inorgánicos e orgánicos.  Reaccións redox.

#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Preparación de produtos cosméticos para peiteado	25

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara produtos cosméticos para peiteado, para o que interpreta os procedementos de elaboración.	SI

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse o material e os equipamentos de laboratorio empregados na preparación de produtos cosméticos.
CA2.1.1 Identifícase o material de laboratorio empregados na preparación de produtos cosméticos
CA2.1.1.1 Identifícanse os equipamentos de laboratorio empregados na preparación de produtos cosméticos

Criterios de avaliación
CA2.2 Realizáronse as operacións básicas para elaborar cosméticos: medidas de peso e de volume.
CA2.2.1 Realizáronse as operacións básicas de medidas de peso para elaborar cosméticos.
CA2.2.1.1 Realizáronse as operacións básicas de volumen para elaborar cosméticos.
CA2.3 Especificáronse protocolos de hixiene e desinfección de materiais e equipamentos, ademais das medidas hixiénico-sanitarias do persoal profesional no laboratorio e nos establecementos de peiteado que cumpra aplicar na preparación de produtos cosméticos.
CA2.3.1 Especificáronse protocolos de hixiene e desinfección de materiais e equipamentos.
CA2.3.1.1 Especificáronse protocolos das medidas hixiénico-sanitarias do profesional no laboratorio.
CA2.4 Estableceuse a diferenza entre composición cuantitativa e cualitativa.
CA2.4.1 Establecéronse as diferenzas entre composición cuantitativa.
CA2.4.1.1 Establecéronse as diferenzas entre composición cualitativa.
CA2.5 Caracterizáronse as formas cosméticas.
CA2.6 Determináronse as pautas de elaboración en función do tipo de cosmético que se vai preparar.
CA2.7 Preparáronse cosméticos sinxelos empregando as materias primas, o material e os equipamentos adecuados.
CA2.7.1 Preparáronse cosméticos sinxelos empregando as materias primas e os equipamentos adecuados
CA2.7.1.1 Preparáronse cosméticos sinxelos empregando os equipamentos adecuados
CA2.8 Seguironse as pautas de limpeza e colocación do material de laboratorio empregado.
CA2.8.1 Seguirónse as pautas de limpeza do material de laboratorio empregado.
CA2.8.1.1 Seguirónse as pautas de colocación do material de laboratorio empregado.
CA2.9 Elimináronse de xeito selectivo os residuos dos produtos de refugo xerados.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Laboratorio cosmético: utensilios e equipamentos; materias primas. Operacións elementais na preparación de cosméticos. Composición cualitativa e cuantitativa dun cosmético. Formas cosméticas: tipos e características. Formas líquidas e disolucións: características, propiedades e expresión da concentración. Locións. Sistemas dispersos: suspensións, emulsións, aerosois, espumas e xeles. Pos. Barras. Envases monodose. Protocolos de hixiene e desinfección de materiais e equipamentos. Medidas hixiénico-sanitarias do persoal profesional no laboratorio. Pautas de preparación de cosméticos para peiteado. Fórmula cosmética: fases na elaboración. Criterios de valoración do produto final. Xestión de residuos.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Selección de cosméticos para procesos técnicos de peiteado (I)	85

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona cosméticos, tendo en conta a relación entre as súas características e o proceso técnico de peiteado.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Diferenciáronse os tipos de cosméticos que se empregan nun establecemento de peiteado.
CA3.1.1 Diferenciáronse os cosméticos de hixiene.
CA3.1.1.1 Diferenciáronse os cosméticos de acondicionamento.
CA3.2 Relacionouse o mecanismo de acción dun xampú cos ingredientes activos que conteña.
CA3.2.1 Explicouse os compoñentes dun champú



Criterios de avaliación
CA3.3 Relacionouse a composición dun acondicionador cos efectos que orixina na fibra capilar.
CA3.3.1 Explicouse os compoñentes dun acondicionador.
CA3.4 Determináronse os efectos dos protectores sobre a fibra capilar.
CA3.4.1 Explicáronse os efectos dos protectores sobre a fibra capilar
CA3.5 Identifícaronse a composición e os efectos dos fixadores capilares.
CA3.5.1 Explicáronse os efectos dos fixadores
CA3.6 Establecéronse as transformacións que teñen lugar na fibra capilar nos procesos de cambio de forma temporal do cabelo.
CA3.6.1 Explicáronse as transformacións que teñen lugar na fibra capilar nos procesos de cambio de forma temporal no cabelo
CA3.7 Relacionouse a aplicación dos cosméticos específicos do proceso de cambio permanente do cabelo cos cambios químicos que teñen lugar nel.
CA3.7.1 as transformacións que teñen lugar na fibra capilar nos procesos de cambio de forma permanente no cabelo
CA3.8 Identifícaronse os compoñentes dos cosméticos para cambios de cor e a súa acción sobre o talo capilar.
CA3.9 Recoñecéronse os cosméticos para as alteracións capilares que se empregan habitualmente en establecementos de peiteado.
CA3.10 Valorouse a importancia da elección do cosmético adecuado en cada proceso técnico.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Clasificación dos cosméticos empregados en peiteado.
Cosméticos para a hixiene do cabelo: composición, mecanismo de actuación e clasificación. Sucidade capilar e do coiro cabeludo.
Cosméticos para o acondicionamento do cabelo: mecanismo de actuación, formulación e formas cosméticas.
Cosméticos protectores do cabelo: mecanismo de actuación, efectos e forma de aplicación.

Contidos
<p>Composición e efectos dos fixadores capilares.</p> <p>Cosméticos para cambios de forma temporal e permanente do cabelo: fundamento científico, composición, forma de actuar e tipos. Cosméticos redutores e neutralizantes: activos cosméticos, acción cosmética e lexislación.</p> <p>Cosméticos para cambios de cor do cabelo. Tinturas e descolorantes capilares (tinturas temporais, semipermanentes e permanentes, e descolorantes capilares): composición, mecanismo de acción, formas cosméticas e precaucións. Compostos que interveñen nos procesos de cambios de cor: influencia e efectos das formas cosméticas de auga oxixenada e os álcalis.</p> <p>Cosméticos para alteracións capilares.</p> <p>Criterios de selección dos cosméticos para procesos técnicos de peiteado.</p>

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Cosméticos para os procesos de tratamento de mans e pés e peiteado masculino.	22

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Identifica os cosméticos para os procesos de tratamento de mans e pés e peiteado masculino, tendo en conta a relación entre a composición e os seus efectos.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícanse os cosméticos para manicura, pedicura e tratamentos de mans e pés.
CA4.1.1 Identifícanse os cosméticos para manicura de mans e pes.
CA4.1.1.1 Identifícanse os cosméticos para pedicura de mans e pes.
CA4.2 Relacionáronse os seus principios activos co mecanismo de acción.
CA4.2.1 Explicáronse os mecanismos dos principios activos
CA4.3 Relacionouse a forma cosmética co modo de aplicación.

Criterios de avaliación
CA4.3.1 Explicouse o modo de aplicación dos cosméticos
CA4.4 Seleccionouse o cosmético adecuado a cada fase do proceso.
CA4.4.1 Explicouse a selección do cosmético adecuado a cada fase do proceso
CA4.5 Especificáronse os cosméticos empregados no proceso de afeitado en establecementos de peiteado.
CA4.6 Estableceuse a acción de cada cosmético empregado nas técnicas de barba, en función dos seus principios activos.
CA4.6.1 Explicouse o mecanismo de acción do cosmético adecuado en barba.
CA4.7 Seleccionouse o cosmético adecuado segundo as características da clientela.
CA4.7.1 Explicouse cosmético adecuado segundo as características da clientela.
CA4.8 Identificouse a cosmética masculina de protección e de tratamento.
CA4.8.1 Explicouse a cosmética masculina de protección.
CA4.8.1.1 Explicouse a cosmética masculina de tratamento.

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Clasificación dos cosméticos de manicura e pedicura.
Características dos cosméticos de manicura e pedicura: composición, mecanismo de acción, formas cosméticas, finalidade e modo de emprego.
Criterios de selección dos produtos empregados en manicura e pedicura.
Cosméticos de tratamentos de mans e pés.
Clasificación dos cosméticos para os procesos de afeitado: cosméticos preafeitado, específicos para o afeitado e postafeitado.
Características: composición, mecanismo de acción, formas cosméticas, finalidade e modo de emprego. Criterios de selección dos cosméticos para o afeitado.

Contidos
Cosmética masculina de protección e de tratamento.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Manipulación e almacenamento de cosméticos.	10

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Manipula e almacena cosméticos, analizando as condicións óptimas de conservación.	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.1 Recoñecéronse as causas e os factores que producen con máis frecuencia alteracións nos cosméticos.
CA5.1.1 Explicáronse as causas e os factores que producen con máis frecuencia alteracións nos cosméticos
CA5.2 Relacionáronse as alteracións na composición dos produtos cosméticos cos cambios que se orixinan nas súas características organolépticas.
CA5.2.1 Explicouse a relación entre factores que producen alteracións nos cosméticos e ao seu orixe.
CA5.3 Identificáronse o lugar e as condicións óptimas de almacenamento para garantir a correcta conservación dos produtos cosméticos.
CA5.3.1 Explicouse as condicións óptimas de almacenamento
CA5.4 Especificáronse as pautas correctas de manipulación dos produtos cosméticos para garantir unhas condicións hixiénico-sanitarias idóneas de aplicación.
CA5.4.1 Explicáronse as pautas correctas de manipulación dos produtos cosméticos

Criterios de avaliación
CA5.5 Analizáronse as consecuencias dunha incorrecta manipulación dos produtos cosméticos.
CA5.5.1 Explicáronse as consecuencias dunha incorrecta manipulación dos produtos cosméticos
CA5.6 Enumeráronse as precaucións que debe seguir o persoal profesional para previr riscos e doenzas profesionais, e para evitar contaminacións.
CA5.6.1 Explicáronse as precaucións que debe seguir o profesional para previr riscos e doenzas profesionais
CA5.6.1.1 Explicáronse as precaucións que debe seguir o profesional para previr contaminacións
CA5.7 Pautouse o xeito de actuar do persoal profesional ante a aparición de reaccións adversas a cosméticos.
CA5.7.1 Explicáronse o xeito de actuar do profesional ante a aparición de reaccións adversas a cosméticos
CA5.8 Aplicáronse as pautas de recollemento dos produtos cosméticos contaminados e/ou alterados, respectando a normativa e o ambiente.
CA5.8.1 Explicáronse as pautas de recollemento dos produtos cosméticos contaminados

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Estabilidade e alteracións dos cosméticos.
Conservación e almacenamento.
Manipulación e aplicación.
Medidas hixiénicas na preparación de mestura nos establecementos de peiteado.
Alteracións relacionadas coa manipulación e a aplicación de cosméticos: causas, consecuencias, prevención e xeito de actuación.
Normativa sobre recollida de produtos cosméticos contaminados e alterados.
Doenzas profesionais relacionadas coa manipulación de cosméticos en peiteado: prevención.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Aplicación de pautas de venda de cosméticos de peiteado.	10

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Aplica pautas de venda de cosméticos, informando sobre as súas características, as súas funcións e os seus efectos.	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA6.1 Identifícaronse as liñas comerciais de cosméticos para peiteado.
CA6.1.1 Establecéronse liñas cosméticas axeitadas de venda de produtos e servizos cosméticos.
CA6.2 Establecéronse as diferenzas entre os cosméticos de venda ao público e os de uso profesional.
CA6.2.1 Identifícarone técnicas axeitadas de venda de produtos e servizos cosméticos.
CA6.3 Especificáronse os establecementos de venda de cosméticos para peiteado.
CA6.3.1 Especificáronse establecementos de venda de cosméticos para peiteado
CA6.4 Realizáronse fichas informativas sobre os efectos e a aplicación de cosméticos.
CA6.4.1 Realizáronse fichas informativas sobre os efectos e a aplicación de cosméticos.
CA6.5 Relacionouse o consello profesional coa mellora do servizo de venda de cosméticos.
CA6.5.1 Relacionouse a profesionalidade coa mellora do servizo de venda de cosméticos
CA6.6 Determinouse a importancia de manter unha constante actualización en produtos de innovación en peiteado.

**Crterios de avaliación**

CA6.6.1 Explicouse a importancia de manter unha actualización en produtos de innovación en peiteado.

CA6.7 Utilizáronse medios para obter información sobre innovacións cosméticas para peiteado.

CA6.7.1 Relacionáronse diferentes medios para obter información sobre innovacións cosméticas para peiteado

**4.6.e) Contidos**
**Contidos**

Utilización de medios informativos para unha constante innovación en cosméticos para peiteados.

Actualización e innovación de produtos cosméticos para peiteado

Liñas comerciais de cosméticos para peiteado.

Cosméticos de venda ao público e cosméticos para profesionais.

Establecementos de venda de cosméticos para peiteado.

Venda de cosméticos en establecementos de peiteado: consellos á clientela.

Innovacións en cosmética para peiteado. Fontes de información.

**5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**
**MÍNIMOS EXIXIBLES**

Especificados para cada unidade didáctica, no apartado 4.C, no ítem: Mínimos exixibles

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

EXAME/S: 70% da nota TAREFAS: 30% da nota

En cada unha destas partes haberá que acadar como mínimo un 5 sobre 10.

Nota de avaliación: Sumarase a puntuación de exames e de tarefas

sempre e cando acade o mínimo en cada parte

7 puntos de exame (para facer media ter como mínimo 3.5)

3 puntos de tarefas (para facer media ter como mínimo 1.5)

EXAME/S : 7 Preguntas. Cada pregunta vale 1 punto.

De contido teórico-práctico. Realizaranse ó longo da avaliación. Xeralmente haberá dous parciais por avaliación. As cualificación dos parciais (se houbera máis de un) farán media cando a súa puntuación sexa alomenos dun 3.5 sobre 7

Se algún/ha alumno/a copia ou realiza algunha práctica ilegal durante as probas escritas, éstas valoraranse cun 0, e terá, polo tanto, a avaliación correspondente suspensa.

A non asistencia a algunha/s desta/s proba/s suporá a necesidade de presentarse á recuperación. Como norma xeral non se realizarán repeticións destas proba/s (a no ser en casos xustificadas)

A realización das probas escritas fóra da data fixada, só se permitirá ao alumnado que presente xustificación, con documento acreditativo, por causa maior (citación xudicial, enfermidade, ingreso hospitalario, falecemento dun familiar de ata segundo grado...)

Nota: Poderá haber probas orais, se así o requiren as circunstancias.

TAREFAS: Inclúe exercicios, traballos e libreta (vale un punto cada cousa)

Puntuación das Tarefas:

0:Non feita 0.25:Mal (insuficiente) 0.5:Regular 0.75:Ben 1:MB (Moi ben)

Valoración das Tarefas:

Exercicio: Correcto (todo/ en parte), ben explicado, profundiza o suficiente

Traballo: Orixinalidade, aspecto, contido, explicación

Libreta: Exercicios corregidos, apuntes tomados, esquemas e resúmenes ben feitos.

Nota final do módulo: Será a media aritmética das notas de cada avaliación, sempre que éstas estén superadas. Para superar o módulo haberá que acadar como mínimo un 5 sobre 10.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Cando alguén non alcance unha calificación suficiente (5) en calquera avaliación, estableceranse actividades específicas de recuperación que realizarán no mes de xuño.

Os alumnos deberán traer a parte teórica preparada, para poder consultar dúbidas.

Estas actividades de recuperación poden consistir (segundo a natureza dos conceptos, coñecementos e capacidades implicados), en: Resolución de cuestionarios, análise e solución de problemas, casos prácticos, traballos, informes, exercicios, exposicións, esquemas, etc...

#### EXAMES DE RECUPERACIÓN

Despois de cada avaliación haberá recuperación por parciais: Cada persoa terá que recuperar o parcial (ou parciais) que non aprobou.



A data do exame será tamén a data de entrega de tarefas pendentes.

En Xuño haberá recuperación por avaliación: Cada persoa terá que recuperar a avaliación (ou avaliacións) que non aprobou. As preguntas estarán relacionadas cos contidos mínimos do módulo.

A data do exame será tamén a data de entrega de tarefas pendentes.

Se algún/ha alumno/a copia ou realiza algunha práctica ilegal durante as probas escritas, éstas valoraranse cun 0.

**\*ALUMNADO de 2º QUE NON SUPEROU ESTE MÓDULO DE 1º**

Alumnado de 2º que, cumprindo as condicións establecidas, promocionou pero ten este módulo de 1º pendente:

No mes de outubro, poñerase en contacto ca profesora para fixar actividades de recuperación, segundo o deseño do informe de avaliación.

O profesorado informará acerca de cómo vai avaliar. E aclarará as dúbidas que poidan xurdir na preparación da materia.

Haberá proba/s escrita sobre os contidos mínimos da materia (puntuará un 70% da nota.). E terá que facer actividades das unidades de traballo onde non acadaron os resultados previstos (puntuará un 30% da nota).

No mes de marzo realizará unha proba escrita. Para superala debe acadar o valor mínimo de 5 sobre 10. As datas serán determinadas polo Centro educativo (departamento) e comunicadas nos taboleiros.

#### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Tal e como aparece en NOF, o dereito a avaliación continua pérdese con esta porcentaxe de FALTAS: 10% non xustificadas. Ou ben 20% totais

Avaliarase no mes de xuño, cunha única proba, de contidos teórico-prácticos, na que o alumno deberá responder a unha serie de preguntas referidas ao módulo, relacionadas cos contidos mínimos.

Para superar esta proba o alumnado deberá acadar o valor mínimo de 5 sobre 10.

As datas das probas serán determinadas polo Centro educativo (departamento) e comunicadas nos taboleiros.



## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Nas reunións do departamento farase unha revisión mensual do cumprimento da programación e a planificación das medidas correctivas pertinentes.  
Por outra banda, a memoria de fin de curso recollerá unha visión xeral do cumprimento da programación tanto da temporalización como dos contidos.  
Realizaranse as propostas de modificación pertinentes, de maneira que poidan ser recollidas na programación do seguinte curso.

Para realizar a avaliación da propia práctica docente o profesorado valorará o grado de consecución dos obxetivos previstos. Debe reflexionar sobre a súa propia tarefa docente, e os desenvolvemento das clases, introducindo as modificacións necesarias para a mellora do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A principio de curso, e tamén ao inicio de cada unidade didáctica, indagaremos acerca dos coñecementos previos do alumnado sobre a temática, co obxectivo de avaliar as nocións previas, mediante preguntas, diálogos e debates. Ao mesmo tempo despertaremos interese na materia. E detectamos posibles capacidades distintas do alumnado, por se houbera que aplicar medias específicas de atención educativa.

O titor ou titora, nos primeiros días de clase, entregaralle ao alumnado una enquisa con datos de interese para todo o equipo docente. Estes datos se poñerán en común na reunión de avaliación inicial. Quedará constancia de dita reunión nun acta firmada por todo o equipo docente.

Na reunión de avaliación inicial trataranse temas como:

Información sobre estudos previos, se repiten curso, experiencia laboral, expectativas profesionais. Se hai alumnado estranxeiro (qué tal se desenvolve en galego, en castelán), menores de idade, posibles necesidades específicas,

alerxias ou enfermidades salientables, elección de delegada/o, subdelegada/o.

Baixas de oficio. Perda de avaliación continua. E reparto de Módulos (en galego e castelán).

## 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

De haber alumnado con altas capacidades, ou con dificultades de aprendizaxe, por motivos motóricos, físicos, psíquicos, sensoriais, de desenvolvemento, socioculturais, de idioma, ou de calquera outra índole, se poñerá en coñecemento da orientadora, para poder levar a cabo unha atención individualizada. E para traballar conxuntamente cun plantexamento integral.

Dentro do grupo pode haber alumnos/as que non sexan capaces de acadar os obxectivos ou, pola contra, que os alcancen sobradamente.

En ambos casos deberanse considerar alternativas.

- Plantexar para cada actividade tres posibilidades:

+ Unha actividade común para todo o alumnado con fin de asimila-los contidos mínimos.

+ Unha máis complexa para o alumnado que acade sobradamente os obxectivos previstos, onde se afofunde nós coñecementos adquiridos.

+ Unha máis sinxela, con metodoloxía distinta, máis secuenciada, para que o alumnado que non acadara os mínimos, sexa capaz de chegar por outro camiño ós fins propostos.

Medidas específicas xerais de adaptación das probas:

Proporcionar tempo adicional nas probas, ter en conta ao alumnado á hora de elixir o tipo de preguntas da proba: verdadeiro/falso, elección múltiple (tipo test), preguntas curtas, etc.

Adaptar a proba: destacar as palabras clave no enunciado,

utilizar preguntas claras, curtas e formuladas de forma sinxela,

apoiar visualmente as respostas (mediante liñas, guións, etc.)

reducir o número de preguntas por folla

aumentar o tamaño de letra e o espazo interlineal, se é preciso

apoiar o exame escrito con gráficos o imaxes

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

COSMÉTICA: Desde este módulo profesional desenvolverase a Educación en Valores tendo en conta as seguintes liñas específicas de actuación:

-Educación para a saúde. - Prevención de alteracións dermatolóxicas e cancro de pel a través da protección solar.

- Colaboración entre profesionais e intrusismo profesional. - Ética profesional. A confidencialidade de datos persoais.

- As verdades e mentiras da cosmética. Desenvolvemento dunha actitude crítica.

- Seguridade e saúde: Normas de fabricación, manipulación e almacenamento de cosméticos; Prevención de enfermidades profesionais.

-As Tics aplicadas ou desenvolvemento da profesión.

#### EN TODOS OS MÓDULOS

Trataranse temas de carácter transversal, fundamentalmente a través de actividades como debates, charlas, exposicións e reflexións. Exemplos:

Educación moral e cívica: Conseguir que os xóvenes adquiran normas democráticas e xustas.

Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos: Rexeito ás desigualdades e discriminacións derivadas da pertencencia a un sexo.

Educación para a paz: Fomentar os valores de solidariedade, tolerancia, respecto á diversidade e capacidade de diálogo. Non discriminación. As doazóns de sangue e de órganos é un xesto que simboliza a solidariedade entre os seres humanos.

Educación ambiental: Respeto o entorno físico e natural. Sostenibilidade. Consumo responsable.

Educación para a saúde: sexual, alimentación, calidade de vida e imaxe persoal. Adquirir hábitos saudables e rexeitar prácticas nocivas como o consumo de tabaco, alcol e outras drogas. Non relegar a educación para a saúde a un ámbito meramente físico: Potenciar o coidado da saúde mental

Educación vial: cuidado con distraccións co móbil, tanto en caso de conductores como de peatóns

Bo uso do tempo libre: Destacando a importancia de valorar as relacións interpersoais, practicar deporte, valorar a importancia do descanso, traballar na intelixencia emocional, coñecer técnicas de relaxación, cultivar amizades, levar a cabo actividades culturais (lectura, cine, teatro, arte...). Uso (non abuso) das TICs

#### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades extraescolares prográmanse co obxecto de recibir a persoas que veñan a complementar a formación, ou ben acudir nós a distintas actividades, como poden ser demostracións, exposicións, concursos, mostras, visitas a instalacións ou establecementos relacionadas cos diferentes módulos da familia de Imaxe Persoal.

Non son fixas. Dependendo do curso, datas nas que se realizan os eventos, e disponibilidade dos profesionais colaboradores, as imos planificando coa anterioridade que é posible en cada caso.

O obxecto das actividades complementarias previstas polo departamento é familiarizar ao alumnado co seu futuro traballo profesional. Xustifícanse pola necesidade que teñen os profesionais da familia de Imaxe Persoal que, de forma continua, deben adaptarse aos cambios tecnolóxicos provocados polas novas demandas, cada vez máis específicas, producindo cambios na súa actividade profesional, de xeito que a implantación destas novas técnicas baséase no uso de equipamentos cada vez máis sofisticados e de produtos cosméticos con maior especificidade e actividade.

Aínda que están integradas nun módulo concreto, inténtase que sexan o máis abertas posibles; de feito poden implicar a dous cursos dun mesmo ciclo, a dous cursos de distinto ciclo, ou incluso a todo o alumnado dos ciclos formativos da familia de imaxe persoal.

Posibles actividades que se poderían levar a cabo: Charla motivadora relacionada do mercado laboral; visita a Expocosmética en Oporto; formación: Tratamento de queratina-Alisado; novidades en aparatoloxía para tratamentos capilares, faciais e corporais; xornadas de Imaxe Persoal, asistir á grabación dun programa de televisión en Santiago TVG (ver procesos de maquillaxe, peiteado e analizar técnicas de marketing), demostración de cor (tendencias de moda en tintes capilares/quillaxe), visita a Salerm cosmetics en Caldas de Reis.

## 10. Outros apartados

### 10.1) . Adaptación covid-19

Supostos que se poden presentar ao longo do curso:

- a) Confinamento parcial. No suposto de que parte do alumnado teña que permanecer confinado, seguirá as clases a través da aula virtual do IES.
- b) Confinamento total do grupo. As clases impartiranse a través da plataforma virtual do IES Johan Carballeira, mentres dure o confinamento.

Avaliación:

Os contidos impartidos mentres dure o confinamento, serán avaliados de forma presencial unha vez se reenicien as actividades presenciais (Dependendo das necesidades, poderíanse facer tamén exames no confinamento, por ordenador -orais ou escritos-)